



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sección Municipal de Contratación

Anuncio información pública convocatoria para o outorgamento de novas autorizacións de venda ambulante de temporada e de bens de artesanía

Anuncio información pública

Convocatoria para o outorgamento de novas autorización de venda ambulante de temporada

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 11 de maio de 2021, adoptou, entre outros, o acordo de establecer as ubicación, o número de postos e a aprobación das bases reguladoras para o outorgamento das autorizacións correspondentes ao exercizo da actividade de venda ambulante de temporada de xeados, castañas e recordos ou souvenirs en postos desmontables na vía pública (Porta Faxeira, Praza do Toural, Cantón do Toural, Praza de Cervantes, Praza da Inmaculada, Alameda, Praza Roxa, Hórreo, Xoán XXIII e Dársena de Xoán XXIII) e iniciar o procedemento para a expedición das citadas autorizacións.

Os interesados deberán presentar solicitude conforme ao modelo que se poderá obter na web do Concello de Santiago de Compostela no prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio. As solicitudes presentaranse na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela, no seu Rexistro Xeral, con cita previa, ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa documentación citada na base quinta.

As bases e o impreso de solicitude están publicados na páxina web do Concello de Santiago de Compostela, www.santiagodecompostela.gal.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2021

O ALCALDE

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo

Anuncio información Pública

Convocatoria para o outorgamento de novas autorizacións de venda ambulante de bens de artesanía

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 11 de maio de 2021, adoptou, entre outros, o acordo de establecer as ubicación, o número de postos e a aprobación das bases reguladoras para o outorgamento das autorización correspondentes ao exercizo da actividade de venda de artesanía en postos desmontables na vía pública e iniciar o procedemento para a expedición das citadas autorización.

Os interesados deberán presentar solicitude conforme ao modelo que se poderá obter na web do Concello de Santiago de Compostela no prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio. As solicitudes presentaranse na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela, no seu Rexistro Xeral, con cita previa, ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa documentación citada na base quinta.

As bases e o impreso de solicitude están publicados na páxina web do Concello de Santiago de Compostela, www.santiagodecompostela.gal.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2021

O ALCALDE

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo